Algunhas crenzas sobre cabalos demoníacos en Galicia, Bretaña e Irlanda.

Luis Gómez Souto

No presente artigo faremos un breve percorrido por algunhas tradicións referentes a eses cabalos máxicos que o folclore galego conservou practicamente ata os nosos días. Presentámolas dentro do seu contexto, é dicir, o mundo atlántico de tradición cultural celta. O cabalo ocupou un destacado lugar dentro deste ámbito cultural ao longo da historia.

Para este traballo abordaremos a figura do trasno e a figura do *Púca* irlandés. A escolla atende a que as dúas figuras responden a un fondo común. Ben é certo que podían ser outros os exemplos pois en ambos folclores existen cabalos fantasmais. Mais o *Púca* ao mesmo que o trasno aparece como un xenio doméstico e como un ser demoníaco en forma animal, nomeadamente como cabalo. Ben é certo que se relacionan con outros équidos espectrais do folclore, cuestión que veremos.

No que respecta ao trasno resulta difícil acomodar o seu complexo mundo a uns trazos xenéricos, sobre todo se temos en consideración que as súas características varían enormemente segundo a comarca de recolla. Conscientemente trataremos de simplificar as variantes e os nomes recibidos por este xenio.

O trasno e o diaño burlón

Os primeiros testemuños que nos ofrecen os autores galegos de finais do XIX pasan moi por riba a figura do trasno. Murguía na súa historia de Galiza,

publicada no 1888, a penas fala do tardo como un espírito doméstico que provoca o pesadelo. Anos despois, no 1895, o médico Rodríguez López, cita o tardo como un espírito que se deita sobre o peito do que dorme, provocando así o pesadelo. Os traballos etnográficos do Seminario de Estudos Galegos ampliarán esta visión. Será Vicente Risco quen en diferentes estudios dará uns trazos máis concretos sobre esta figura. Diferencia entre o trasno, o tardo e o diaño bulreiro (298-302). Fala da gran confusión que se producía entre estas figuras, sendo para el o trasno o espírito que actúa no ámbito doméstico, quer na casa quer na corte ou na palleira; o tardo na súa definición sería o xenio que senta no peito dos dormentes para lles provocar o pesadelo. O diaño bulreiro ocupa un espacio diferente aos anteriores pois as súas trasnadas prodúcense principalmente nos camiños, nos que se presenta baixo diferentes formas, sendo unha das súas preferidas a de cabalo. Esta clasificación de Risco atende a unha explicación coherente, pero á hora de abordar o mundo do trasno debemos ter en conta que a gran riqueza do folclore galego amosa amplas variantes a este respecto.

Trazos repetidos nas diferentes visións populares do trasno son as que atinxen á súa vestimenta, e así aparece vestido con roupas vermellas ou cun pucho tamén vermello. De baixa estatura presenta aparencia humana pero con rabo e ás veces cun só corno ou con dous. Dentro desta visión demoníaca pasa por ser un ser peludo. A súa man esquerda está furada, e poden ser as dúas mans as que teñan o buraco. Entre as súas capacidades está a da invisibilidade e a do transformismo, normalmente en animal. Son extremadamente rebuldeiros e as súas trasnadas limítanse maiormente a causar pequenos estragos nas casas onde fan moito ruído polas noites e cambian os obxectos de lugar ou agochan as cousas.

Para se defender del deixábaselle unha cunca con grans de cereal, pois é sabido que innata ao trasno é unha enorme curiosidade que lle fai contar os grans. Como non sabía contar máis alá de tres, pasaba toda a noite desesperado contando unha e outra vez ata que as luces da alborada o facían fuxir.

Esta figura garda grandes similitudes co trasgo portugués e co trasgo de Asturias e Cantabria. A súa aparencia física é similar. Comparten ademais unha sorte de nomes eufemísticos para evitar citalo, pois dáse por suposto que abondaría con dicir o seu nome para atraelo. Na Galiza é coñecido polos nomes de Perete ou Perello (Vaqueiro 148), que son nomes que se lles dá ao diabo. Xa en 1863 Francisco J. Rodríguez recollera no seu

Diccionario Gallego Castellano a forma Perete traducíndoa como "Diablo". Unha forma similar existe na comarca ovetense de Salas na que un o trasno atende ao nome de "el Pedrete" (González y Fernández 148). En Portugal o demo recibía o nome de *Carapuça Vermelha* (Leite 165); outras formas eufemísticas que se lle daba en terras portuguesas ao trasgo eran *barrete vermelho, diabinho da mão furada* ou *estrago*. Unha das variantes é a *fradinho da mão furada*, que cadra perfectamente coa versión galega que describe o trasno con hábitos de monxe.

Seguramente os seus trazos e os nomes que reciba respondan a un proceso de demonización para desterrar o que o clero entendía como supersticións. Obsérvese que incluso na súa capacidade de transformación o trasno adopta a forma de dous animais identificados co demo, como o bode ou o cabalo branco da noite. E ao mesmo que as bruxas os trasno se introduce nas cortes para atacar o gando, mais fronte a aquelas os trasnos queren amolar e divertírense coas súas travesuras.

Fronte a outros xenios domésticos europeos o galego debeu de ver relegada a súa característica de espírito servicial que axuda nas tarefas domésticas. Porén, o profesor Alonso Romero (104) recolle a crenza en Fisterra de que deixándolle ao trasno alimentos na cociña axudaba nas tarefas domésticas e agrícolas.

O trasno, o demo burlón e o cabalo

Certamente hai unha serie de figuras que acabaron asociadas ao trasno. De igual modo que o xenio doméstico do barrete vermello, existen outros xenios que con igual carácter burlón se mofan e amolan os camiñantes. Son ben coñecidas as historias dunha ovella que aparece perdida na noite nun camiño; cando algún veciño a colle no colo para levala para casa o animal aumenta de peso ata derrear o home e logo, con aparencia humana rise del. Este xenio aparece con diferentes nomes. Nalgunhas escolmas etnográficas aparece como diaño/demo burlón/burleiro. En Asturias e Cantabria aparece en diversa bibliografía como *diañu /diablu burllón*. En Portugal non achamos na literatura etnográfica referencias terminolóxicas semellantes, malia que podemos rastrexar elementos destes diaños en diferentes seres tales como os *corredores*.

O amplo abano terminolóxico e as diferentes descricións que se fan deste trasno en forma animal fannos ser cautos á hora de empregar unha terminoloxía. Así por exemplo o trasno de pucho vermello que actúa nas

casas é tamén coñecido no caso fisterrán por demo burleiro (Alonso Romero 103). Nas mariñas ese diaño burlón que se presenta en forma de cabalo coñécese simplemente como trasno.

Pensamos que o xenio doméstico e os que aparecen nos camiños responden a esquemas diferentes. Por unha banda estamos ante xenios domésticos e pola outra ante seres que se aparecen fóra deste espacio. Claramente o cabalo está asociado nestas crenzas cos ríos, o que parece evidenciar o rastro deses cabalos sobrenaturais que no mundo indoeuropeo, e marcadamente no céltico, aparecían como guías ao Outro Mundo.

Un ciclo temático ben estendido pola Galiza fala de historias que sitúan un grupo de mozos de volta dunha foliada. Retornando a casa atopan un cabalo ceibo e eles deciden montalo para volveren máis comodamente. Moitas desas historias contan como van montando e o animal alonga o lombo para subilos a todos e cando xa están montados tíraos nun río. Unha historia recollida por Loís Carré fálanos duns homes que están a camiñar para atoparen unha ponte que cruce o río e xa cansos ven un cabalo co que poder vadealo. Móntano e acontece seguinte:

> A besta meteuse no rio, e cando chegou ao meio e meio, o mozo que montara atrás dos outros viróu a cabeza e viu a garupa e os pés de atrás da besta chantadas na ribeira... –Asús meu Dios! Rapaciños, que é o trasno [...]; decontado caeron os tres no rio, e cando agaviaban pol-o ribanzo da outra banda todos molladiños como pitos, ouviron as gargalladas do trasno a se moquear deles e fartándose de rîr. (Carré Alvarellos 314)

Na vila bretona de Bruz unha egua branca de gran tamaño alongaba a garupa para acomodar catro persoas. Cando xa estaban montadas tiraba con elas no río. Nese momento aparecía un anano a se rir deles (Sébillot 162).

Estes cabalos que alongan o lombo aparecen nas diferentes historias cun afán de burla, aínda que resultan inofensivos normalmente, aínda que non sempre é así pois nalgún caso este cabalo afoga os xinetes. O carácter demoníaco que se lles deu vese, por exemplo, no feito de que estes cabalos desaparezan cando se cite un nome santo, como Xesús ou María.

A caída destes cabalos si ten consecuencias tráxicas no folclore de outros países. Así en Plouguenast, Bretaña, había un cabalo que se presentaba aos nenos e alongaba o lombo co fin de que collesen catro ou cinco. Despois afogábaos a todos.

Nas Highlands de Escocia está o *each uisge* (cabalo da auga), que podía

alongar a garupa e cando alguén montaba nel non podía despegarse e acababa no fondo do lago. A seguinte historia pode dar boa conta da súa forma de actuar: "Sete nenas e un neno foron pasear un domingo pola tarde e viron un bonito cabaliño que pastaba xunto ao *loch*. Unha das nenas montou nel, e logo outra, e outra, ata que as sete estiveron sentadas no seu lombo. O neno foi máis astuto e decatouse de que o poni estaba a alongarse a fin de acomodar cada novo xinete"; remata a historia co neno a fuxir para salvarse, atopando á mañá seguinte as vísceras das cativas nas beiras do lago pois o *each uisge* nunca come as vísceras das súas víctimas (Briggs 103-104).
Idéntica historia aparece en Portugal. Uns cativos están a montar un cabalo e un dos nenos dáse conta de que está alongando o lombo. Cólleo polas orellas para que os seus compañeiros baixen e cando o conseguen o neno solta o cabalo que se mergulla no fondo do río. Era o demo (Leite 250).
En Elviña había entre prados unha cañada que se coñecía pola Corredoira do trasno. Segundo recollera o profesor don Luis Monteagudo alí aparecía na noite o trasno en forma de asno; quen montase nel era levado ata un regacho próximo e alí caía pois o trasno desaparecía ao pasar por el. Outra historia conta que se aparecía un cabalo que era a estadea (nótese que este nome é o que designa a hoste das ánimas, unha especie de compaña), que se facía máis grande ao tempo que ía montando máis xente. Cando cruzaba o río na Ponte da Pedra o cabalo partíase e todos caían á auga (Filgueiras Rey 203).
Non moi lonxe de alí, en Mesoiro, existía a crenza dun cabalo branco que saía do río cun cadaleito no lombo, deitábao diante dunha casa e volvía ao río para desaparecer. Na casa onde deixara a caixa había un morto á mañá seguinte. En Poio, unha das cousas que dicían do Urco (un ser que toma diferentes formas animais e que está relacionado co mar) que era un cabalo nado no monte e que cando baixaba ás casas daba un rincho diante dunha delas e o dono da casa morría á mañá seguinte (Aparicio 99).

O *Púca*

O *Púca* ou *Phooka* resulta un ser que toma diversas formas animais, sendo máis usual a de cabalo (Briggs 1998). Tamén colle aparencia humana sendo servicial aos homes malia mofarse deles. Se a definición que se fai del é tan complexa como o caso do trasno galego a terminoloxía para referirse a el non é tampouco simple. Segundo os autores que escriben sobre el hai diferentes grafías que serían pronunciadas como *puca*. Thomas Crofton Croker refírese a el como *Phooka* e tamén como *Pouke*. Yeats usa a forma *Pooka* (94). Douglas Hyde na súa obra *Leabhar Sgeulaigheachta* (cfr. Yeats

1888) recolle a forma irlandesa *Púca*. Esta forma parece corresponderse coa forma gaélica dado que na escritura en gaélico non se usa o grupo *–oo-* nin o *–k-*. En irlandés moderno *púca* significa fantasma, o que cadraría coa súa visión espectral.

En canto a súa etimoloxía Yeats (94) apunta *poc* (macho cabrío) como explicación. Engade tamén as teorías que o fan derivar do inglés medieval e o do *puck* do *Midsummer Night's Dream* de Shakespeare. Esta posibilidade xa a anotara anteriormente Crofton Croker, quen ademais alude ao feito de que no dialecto anglo-irlandés a frase "*Playing the puck*" equivale a "Playing the devil". En inglés antigo *Pouk* ou *Puck* eran formas para designar o demo (Briggs 274). Para Pokorny esta voz sería tomada do celta polo xermánico antigo na forma **bukka-*. En irlandés medio daría *bocc* e *pocc*, que se manteñen no irlandés moderno como *boc* e *poc*.

Esta palabra que aludía ao bode está presente noutros termos que designan trasnos e espíritos nos diferentes países da Gran Bretaña. Así en Gales cóñecense o *Bwca,* o *Bubadoch* e o *Pwca*, en Escocia o *Bodach*, en Inglaterra o *Puck* e o *Bucca* en Cornualles. Os máis deles designan espíritos domésticos máis ou menos próximos ao *Puck*.

Dicíase que cando chovía e facía sol era sinal de que había aparecer o *Púca*. En terras galegas dicíase o seguinte: *cando chove e fai sol anda o trasno por Ferrol* (Lis Quebén 488). Noutras versións era así: *cando chove e fai sol vai o demo pra Ferrol*. Esta visión encadraría dentro da demonización que sufriu o *púca*.

Lady Wilde preséntanos o *púca* como un ser amigábel e servicial. Relata a historia do fillo dun muiñeiro que traba amizade cun *púca*, que na súa forma humana é un vello vestido con farrapos. El axuda ao fillo do muiñeiro nas tarefas do muíño e trae consigo gran prosperidade. En gratitude e tamén por mágoa da súa vestimenta, o fillo do muiñeiro déixalle roupa nova, e o *púca* deixou de traballar e marchou. Algo semellante relata Patrick Kennedy (Yeats 106-108) sobre un *púca* en forma de asno que realiza labores domésticos nunha casa ata que o agasallan cunha prenda de vestir, momento en que deixa de traballar e marcha. Trátase dun trazo común a moitos trasnos europeos, son ofendidos cando reciben unha vestimenta como regalo.

Entre as diferentes formas de animais que pode tomar o *púca* están a de cabalo, asno, touro, cabra, bode e aguia. Críase que podían ser domesticados, e de ser así serían cabalos sen igual, "but if once they saw a glimpse of the water, they would plunge in with their rider, and tear him to pieces at the

bottom" (Yeats 84). Este comportamento aseméllao bastante ao *each uisge* escocés pois levaba os seus xinetes ao fondo do lago onde os devoraba. Xa que logo o *púca* tamén se presenta como un fermoso cabalo negro que emprendía carreiras infernais na noite nas que procuraba xinetes que pegaría ao seu lombo para despois devoralos. Este cabalo estaba asociado aos ríos e lagos. Noutras ocasións o seu comportamento é máis semellante ao descrito para algúns cabalos nocturnos de Bretaña e cabalga toda a noite co incauto xinete, deixándoo derreado no lugar onde o colleu.

Estes seres que sobreviviron nas crenzas populares ata os nosos días seguramente atendan a unha orixe común e a un devalar semellante. O trasno e o *púca* preséntanse como uns espíritos domésticos que adoptan trazos de demos, aínda que moi lonxe dos demos bíblicos, froito dun proceso demonizador para afastar do pobo vellas crenzas. E os dous seres mesturáronse con eses cabalos sobrenaturais que aparecen na mitoloxía como conductores de ánimas a Outro Mundo, ao que se podía acceder a través de lagos ou ríos.

Works Cited

Alonso Romero, Fernando. *Historias, leyendas y creencias de Finisterre.* Betanzos: Briga Edicións, 2002.

Aparicio Casado, Buenaventura. *A tradición oral en Poio. Claves interpretativas.* Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 1992.

Briggs, Katharine (trad. Esteve Serra). *Diccionario de las hadas.* Palma de Mallorca, 1998.

Carré Alvarellos, Loís. *Contos populares da Galiza.* O Porto: Museu de Etnografia e História, 1968.

Croker, Thomas C. *Fairy Legends and Traditions of the South of Ireland.* 1825-1828.

<http://www.sacred-texts.com/neu/celt/flat/> [Consulta, agosto de 2003]

Filgueiras Rey, Ana. "Estudio antropolóxico da área do xacemento castrexo de Elviña." *Plan Director do Castro de Elviña.* Santiago de Compostela: USC, 2000.

González y Fernández, J.M. "*Pedro*, nombre de seres personificados, imaginarios y sobrenaturales". *RDTP*, XXXIII, 1977:143-150.

Leite de Vasconcellos, José. *Etnografía Portuguesa*.Vol.VII. 1994

Lis Quebén, Víctor. "El conjuro de la tronada en Galicia". *RDTP*, X-VIII, , Cuad. 3º. Madrid. 1952.

Risco, Vicente. "Etnografía, cultura espiritual". Otero Pedrayo, Ramón (Dir.). *Historia de Galiza*. Madrid: Akal, 1979, 255-762.

Sébillot, P, *Le Folklore de la Bretagne*. Paris, 1950.

Vaqueiro, Vitor. *Guia da Galiza máxica*.Vigo: Galaxia, 1998.

Wilde, F.S. *Ancient Legends, Mystic Charms, and Superstitions of Ireland*. 1887 <http://www.sacred-texts.com/neu/celt/ali/> [última consulta, marzo 2007]

Yeats, W.B. (Ed). *Fairy and Folk Tales of the Irish Peasantry*. 1888 <http://www.sacred-texts.com/neu/yeats/fip/index.htm> [consulta, agosto 2007]

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
BIBLIOTECA
FACULTADE DE FILOLOXÍA

Table of contents

Algunhas crenzas sobre cabalos demoníacos en Galiza, Bretaña e Irlanda.....11

Language contact on the Atlantic periphery: Ireland and Galicia 19

From the Periphery into the Centre; or From Contemptible Rebel to Epical Figure: Roger Williams and the *New England Way*.....29

Feminist commentary in film adaptation: an analysis of Shelmerdine in Sally Potter's *Orlando*.....37

Centre and Periphery in British Cultural Identity: Representations of Intercultural Relationships in David Lean's *A Passage to India*.....47

Irish and Galician: A Historical Review of Both Languages.....57

Scotland, Ireland and England. A Troubled Web.....67

Women in Contemporary Scottish Literature: Janice Galloway, Laura Hird, A.L. Kennedy, Ali Smith and Dilys Rose. A Feminist Perspective?.....91

En la periferia del canon: el género en la escritura de Katherine Mansfield.....99

Feminist of Colour Redefine Difference: Trinh T. Minh-ha and Gloria Anzaldúa.....113

El archipiélago en las periferias: entre Cairasco de Figueroa y Walcott.....133

Criticism on the Margins: Bakhtinian (and Feminist) Responses to Ethics.....143

Molly Keane's Big House ghosts: representation of real and imaginary Ireland in *Full House* and *Time After Time*.....153

Mujeres artistas en España durante el siglo XX: análisis y evolución de las prácticas artísticas femeninas.....165

Periphery and Centre III

No está permitida la reproducción total o parcial de este libro, ni la transmisión de ninguna forma o por cualquier medio, ya sea electrónico, mecánico, por fotocopia, por registro u otros métodos, sin el permiso previo y por escrito de los titulares del *Copyright*.

Colaboran:
Instituto Universitario de Estudios Irlandeses "Amergin"
Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular "Selicup"
Financian:
Vicerreitorado de Estudiantes, Universidade da Coruña
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia
Excma. Deputación Provincial da Coruña
Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña

DERECHOS RESERVADOS 2008, respecto a la primera edición, por
© Asociación de estudiantes de Filoloxía Inglesa AFI, Universidade da Coruña.

ISBN: 978-84-691-7249-0.
Depósito Legal: C 4105-2008.
Editor: Rubén Jarazo Álvarez y Lidia María Montero Ameneiro
Producción Editorial: NINO-Centro de Impresión Digital.
Impreso en España - Printed in Spain.

Periphery and Centre III

RUBÉN JARAZO ÁLVAREZ
LIDIA MARÍA MONTERO AMENEIRO
Eds.